

MATERIA

Gramática e discurso en lingua inglesa

unidade  
didáctica  
3

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Inglesas

Humanidades

# Pragmática

Mario Serrano Losada

Teresa Fanego Lema

Área de Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e intercambio científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16533-39-8

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533398>

**MATERIA: Gramática e discurso en lingua inglesa**

**TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **Unidade I. Introducindo a análise do discurso (AD)**

1. Que é a AD e que supón?
2. Orixe e breve historia da AD
  - 2.1. Os paradigmas formal e funcionalista
  - 2.2. Obxectivos descritivos e críticos
3. Algúns usos da AD
4. Principais aproximacións á AD
5. Oracións e enunciados
  - 5.1. O discurso como lingua «alén da oración»
  - 5.2. O discurso como enunciados
6. Preguntas de estudo

### **Unidade II. Datos para a AD**

1. Introducción
2. Recollida de datos: a transcripción de datos
3. Algúns exemplos de convencións para a transcripción
4. Preguntas de estudo

### **Unidade III. Pragmática**

1. Definindo a pragmática
2. O principio cooperativo de Grice e a teoría da implicatura
3. Referencia: clases de expresións referenciais, tipos de referencia e cadeas anafóricas
4. Deíxe
5. Teoría dos actos de fala
  - 5.1. Actos de fala directos e indirectos
  - 5.2. Enunciados performativos
6. Preguntas de estudo

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

1. Requisitos
2. Xustificación

### OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da UD

### METODOLOXÍA

Recursos e materiais

### CONTIDOS BÁSICOS

1. Definindo a pragmática
2. O principio cooperativo de Grice e a teoría da implicatura
3. Referencia: clases de expresións referenciais, tipos de referencia e cadeas anafóricas
4. Deixe
5. Teoría dos actos de fala
  - 5.1. Actos de fala directos e indirectos
  - 5.2. Enunciados performativos
6. Preguntas de estudo

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Actividades na aula
2. Actividades fóra da aula

### AVALIACIÓN

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación final

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

### ANEXO

1. Person and social deixis
2. Speech acts

## PRESENTACIÓN<sup>1</sup>

---

A presente unidade didáctica (UD), dedicada ao estudo da Pragmática, forma parte da materia *Gramática e discurso en lingua inglesa*, materia obrigatoria de 6 créditos ECTS impartida no 4º curso do [Grao en Lingua e Literatura Inglesas](#) da Facultade de Filoloxía da USC. A UD concíbese como unha introdución ao estudo da pragmática, en xeral, e da pragmática en lingua inglesa, en particular. Nela exploraranse algunhas das principais nocións que sustentan a pragmática, facendo especial fincapé na teoría da implicatura e na teoría dos actos de fala.

### 1. Requisitos

Tal e como se argumenta na [guía docente](#) da materia, para cursar *Gramática e discurso* é preciso ter cursado as materias *Morfosintaxe da lingua inglesa* (2º curso) e *Sintaxe e semántica da lingua inglesa* (3º curso). A materia impártese integramente en inglés; así mesmo, os exercicios, traballos, intervencións nas aulas, e exames deberán realizarse nesta lingua, polo que se require un nivel oral e escrito de inglés equivalente ao C.1.1 do [Marco europeo común de referencia para as linguas](#).

### 2. Xustificación

Esta materia é unha das seis que conforman o bloque de materias obrigatorias dedicadas ao estudo da lingüística inglesa (36 créditos ECTS, 6 créditos cada unha), integrado por *Morfosintaxe da lingua inglesa*; *Fonética e fonoloxía inglesas*; *Sintaxe e semántica da lingua inglesa*; *Gramática e discurso en lingua inglesa* (na súa vertente sincrónica) e *Historia de la lingua inglesa 1* e *Historia de la lingua inglesa 2* (na súa vertente diacrónica).

A importancia desta materia, última materia de lingüística inglesa do plan de estudos, é fundamental para acadar os coñecementos necesarios sobre lingüística inglesa no nivel supraoracional, é dicir, no concernente aos coñecementos sobre pragmática e discurso. Ambas as dúas son disciplinas especialmente relevantes e teñen aplicacións prácticas alén da súa transcendencia na investigación lingüística actual, sobre todo como compoñentes cruciais na adquisición de linguas estranxeiras e na comunicación intercultural. Así e todo, o estudo do discurso e da pragmática adoita ter unha presenza limitada nos plans de estudos ingleses, polo que é preciso salientar a súa importancia e favorecer unha correcta adquisición dos contidos desta materia.

---

<sup>1</sup> A información relativa á presentación e aos obxectivos xerais e contidos da materia *Gramática e discurso en lingua inglesa* reflectidos nesta UD baséase na [guía docente](#) elaborada pola coordinadora da materia, a Profesora Teresa Fanego Lema.

## OBXECTIVOS

---

Establécense a continuación os obxectivos xerais da materia e específicos da presente UD:

### 1. Obxectivos xerais da materia

*Gramática e discurso en lingua inglesa* completa o estudo da gramática da lingua inglesa iniciado en cursos anteriores coas materias *Morfosintaxe* (2º curso) e *Sintaxe e semántica* (3º curso). Por iso, concíbese esta como unha materia chave para afianzar e completar os coñecementos sobre lingüística adquiridos polo alumnado nos cursos anteriores. O seu principal obxectivo é examinar as distintas aproximacións e conceptos relacionados coa análise supraoracional da lingua ao nivel do discurso. Do mesmo xeito, preténdese tamén:

- Adquirir os rudimentos teóricos nos que se sustenta a análise supraoracional da lingua, especificamente no caso da análise do discurso e da pragmática.
- Adquirir os coñecementos prácticos necesarios para abordar a análise discursiva e pragmática da lingua.
- Facer uso dunha terminoloxía lingüística rigorosa e dunha notación axeitada para abordar a descrición lingüística supraoracional.
- Desenvolver o pensamento crítico, o debate e o traballo en equipo mediante pequenas tarefas que se realizarán nas aulas interactivas.
- Desenvolver, mediante a realización de lecturas específicas e a resolución de exercicios prácticos, os hábitos de estudo e de traballo individual que permitan ao alumnado acadar unha autonomía progresiva na súa aprendizaxe.
- Desenvolver actitudes e hábitos de traballo positivos que favorezan a participación activa na aula.

### 2. Obxectivos específicos da UD

A UD está concibida como unha introdución á pragmática. O seu principal obxectivo é, polo tanto, introducir o alumnado no estudo teórico e práctico da pragmática, examinar algunhas das principais aproximacións ao estudo desta disciplina desde o seu xurdimento, e revisar algunhas das achegas fundamentais da pragmática e a súa influencia na lingüística xeral. Preténdese, xa que logo:

- Coñecer a orixe da pragmática como disciplina lingüística e as distintas aproximacións e achegas da mesma.
- Coñecer a teoría da implicatura e o principio cooperativo de Grice.
- Coñecer e identificar os principais procesos implicados na estruturación da información e na expresión referencial.
- Coñecer e identificar a deixé, o seu funcionamento e os distintos tipos de deixé existentes.

- Coñecer a teoría dos actos de fala e as súas principais achegas.
- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a realización de exercicios prácticos.
- Empregar unha terminoloxía rigorosa e axeitada na descrición e o estudo da pragmática.
- Desenvolver a reflexión e o pensamento crítico sobre as cuestións de pragmática tratadas nas aulas.

## **METODOLOXÍA**

---

Esta UD ten unha dobre vertente teórico-descriptiva e práctica. A metodoloxía empregada combina a presentación dos contidos que figuran no programa xeral do curso con actividades de natureza práctica que requirirán a participación activa do alumnado en tarefas individuais e de grupo. Dado o carácter da materia, calquera explicación irá seguida de exemplos e exercicios prácticos que, coa axuda do docente, os alumnos terán que desenvolver e mediante os cales se adestrarán no emprego dos conceptos estudados. Deste xeito, proporcionaráselles tanto os coñecementos teóricos como as ferramentas prácticas precisas para acadaren os obxectivos descritos na sección anterior.

### **Recursos e materiais**

No transcurso das aulas empregaranse os medios audiovisuais dos que dispón a aula (ordenador e proxector) para proxectar as presentacións que servirán de guía durante a exposición e explicación dos contidos, así como o encerado para detallar ou afondar naqueles puntos que precisen dunha maior atención ou nos que o alumnado considere que sexa necesario facer máis fincapé. Así mesmo, os alumnos disporán de todo o material didáctico (presentacións, esquemas, lecturas) e dos distintos exercicios prácticos, que estarán aloxados no Campus Virtual da USC. Nesta plataforma virtual, ademais, promoverase o uso activo do foro de novas para fomentar así a aprendizaxe autónoma e participativa.

## **CONTIDOS BÁSICOS**

---

Preséntase neste apartado unha guía dos contidos básicos da UD, cunha breve exposición das principais nocións que se expoñerán durante o desenvolvemento da mesma. Como xa se explicou anteriormente, a UD concíbese como unha introdución ao estudo da pragmática. Por iso, os distintos apartados presentan os conceptos máis relevantes e as principais achegas que deron forma á pragmática como disciplina.

### 1. Definindo a pragmática

O propósito fundamental desta primeira sección é achegar o alumnado ao concepto de *pragmática*, disciplina que abrangue o estudo daqueles aspectos do significado que dependen de factores contextuais. Farase así mesmo fincapé no xurdimento da pragmática como disciplina lingüística.

### 2. O principio cooperativo de Grice e a teoría da implicatura

De acordo coa *teoría da implicatura* de Grice, o que un falante quere dicir cun enunciado pode dividirse entre aquilo que “di” e aquilo que realmente quere expresar, é dicir, o que “implica”. Estudaranse neste apartado as principais achegas desta teoría. Abordarase tamén o estudo do *principio cooperativo* —igualmente proposto por Grice— e as catro máximas que o constitúen (cantidade, calidade, relevancia e xeito).

### 3. Referencia: clases de expresións referenciais, tipos de referencia e cadeas anafóricas

Introdúcese nesta sección o concepto de *estruturación da información*, mediante o cal se explorarán as ideas de información dada, información nova e información contrastiva. Prestarase atención, ademais, ao concepto de *referencia*, que designa o proceso polo cal os falantes indican, por medio da expresión lingüística, aquelas entidades ás que fan referencia. Como parte do estudo da referencia abordaranse os distintos tipos de *expresión referencial* (entre os cales se inclúe a referencia definida/indefinida, a referencia específica/non específica e a referencia xenérica), insistindo especialmente nos tipos de referencia textual (anáfora e catáfora).

### 4. Deíxe

O termo *deíxe* emprégase para denotar aqueles termos na lingua que se refiren directamente a situacións discursivas, e cuxo punto de referencia depende directamente da posición no espazo-tempo do falante (p.ex.: *estou aquí*). Neste apartado introdúcese o concepto de expresión deíctica e descríbense os distintos tipos de deíxe (deíxe de persoa, tempo, lugar, discursiva e social).

### 5. Teoría dos actos de fala

Esta sección explora a *teoría dos actos de fala*, partindo das propostas de Austin e Searle e continuando co posterior desenvolvemento das mesmas. Segundo esta teoría, ao falarmos non só dicimos algo, senón que tamén realizamos algo. Así, un acto de fala, entendido como unha unidade funcional da comunicación, describe o xeito no que o falante intervéen sobre o seu contorno mediante o uso da palabras (sexa para informar, preguntar, etc.). Nesta sección abórdanse ademais algunhas das



taxonomías desenvolvidas para clasificar os actos de fala e a relación entre os tipos de cláusula e os actos de fala.

### 5.1. Actos de fala directos e indirectos

Os actos de fala poden considerarse directos ou indirectos. Ao empregarmos un tipo concreto de cláusula (p.ex.: interrogativa) para realizarmos o acto de fala tipicamente asociado a ela (p.ex.: preguntar), estamos realizando un *acto de fala directo*. Polo contrario, cando empregamos ese tipo de cláusula para realizarmos un acto de fala diferente, estamos ante un *acto de fala indirecto* (p.ex.: ordenar). Nesta sección abórdase o estudo dos actos de fala directos e, especialmente, indirectos.

### 5.2. Enunciados performativos

Mediante a realización dun *enunciado performativo* o falante non só describe unha realidade concreta, senón que cambia a realidade social que describe (p.ex.: *Declárovos unidos en matrimonio*). Esta sección céntrase no estudo dos enunciados performativos (explícitos e cubertos).

## 6. Preguntas de estudo

Neste último apartado propóñense distintas preguntas de estudo así como actividades orientadas a repasar e afianzar os contidos desenvolvidos na UD de cara á avaliación final.

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

As seguintes actividades propóñense co propósito de acadar os obxectivos formulados na presente UD:

### 1. Actividades na aula

- Actividades e exercicios en grupo e individuais de carácter eminentemente práctico destinados a afianzar os conceptos explicados nas aulas. (V. [Anexo](#)).
- Presentacións orais en grupo de 10 minutos de duración sobre algún contido relacionado coa pragmática (p.ex.: ambigüidade, pragmática intercultural, proxémica, kinésica, pragmaticalización). Estas presentacións realizaranse durante as clases interactivas.
- Todas as actividades propostas complementaranse mediante a corrección conxunta e a discusión reflexiva, o que permitirá clarificar ou reforzar aqueles aspectos discutibles ou que xeren máis dúbidas.

## 2. Actividades fóra da aula

- Actividades propostas no Campus Virtual da USC. Fomentarase a participación activa no foro desta plataforma.
- Realización de lecturas propostas semanalmente. Estas lecturas serán comentadas durante as aulas interactivas.

## AVALIACIÓN

---

A asistencia ás aulas e a participación nas mesmas son obrigatorias e constitúen a base para un correcto desenvolvemento da UD. A avaliación desta UD levarase a cabo en tres fases:

### 1. Avaliación inicial

Ao inicio da UD os estudantes farán unha proba de autoavaliación na que comprobarán os seus coñecementos previos respecto da materia que se tratará e mediante a cal poderán entrever cales serán os principais puntos que abordaremos. Deberán ademais expresar cales son as súas expectativas respecto da UD. Esta proba proporcionaralles unha visión de conxunto que lles permitirá relacionar os contidos da UD con outras partes da materia e da titulación.

### 2. Avaliación procesual

Ao longo da UD os alumnos desenvolverán unha serie de actividades e exercicios prácticos sobre os diferentes contidos (teóricos e prácticos) tratados na mesma. Na súa corrección valorarase tanto o contido, a comprensión dos conceptos estudados e a comprensión global da materia, como a corrección na expresión lingüística.

### 3. Avaliación final

Na última sesión de clase dedicada a esta UD o alumnado fará unha proba de autoavaliación final coa que poderá comprobar o grao de comprensión dos contidos abordados na UD. Esta proba inclúe ademais un apartado dedicado a avaliar o labor do docente.

Así mesmo, os contidos teóricos e prácticos desta UD avaliaranse mediante unha proba final, onde os alumnos se examinarán sobre o contido global da materia. Neste exame final, de carácter eminentemente práctico, avaliarase non só o grao de comprensión global dos conceptos estudados senón tamén a capacidade para relacionalos cos tratados noutras partes da materia e da titulación. Unha coidada redacción e un correcto uso da lingua inglesa son indispensables para aprobar o devandito exame.

**BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**

---

- AUSTIN, John (1962): *How to do things with words*. Oxford: Clarendon Press.
- BHAT, D. N. S. (2004): *Pronouns*, Oxford: Oxford University Press.
- COLE, Peter e Jerry L. Morgan (eds.) (1975): *Syntax and semantics, Vol. 3: Speech acts*. Nova York: Academic Press.
- DOWNING, Angela (2015): *English grammar: a university course* (3ª ed.). Abingdon, Oxon: Routledge.
- EGUREN, Luis Javier (1999): «Pronombres y adverbios demostrativos. Las relaciones deícticas», en Ignacio Bosque e Violeta Demonte (dir.): *Gramática descriptiva de la lengua española*, Vol. 1. Madrid: Espasa.
- FILLMORE, Charles J. (1971): «Towards a theory of deixis». *The PCCLLU Papers* 3(4): 219-241.
- (1971): [Santa Cruz Deixis Lectures](#)
- FRASER, Bruce (1975): «Hedged performatives», en Peter Cole e Jerry L. Morgan (eds.): 187-210.
- GUERRERO MEDINA, Joaquín (1999): «Los actos de habla. Las oraciones imperativas», en Ignacio Bosque e Violeta Demonte (dir.). *Gramática descriptiva de la lengua española*, Vol. 3. Madrid: Espasa: 3879-3928.
- HUDDLESTON, Rodney (2002): «Clause type and illocutionary force», en Rodney Huddleston, Geoffrey Pullum *et al.* *The Cambridge Grammar of the English Language*, Cambridge: Cambridge University Press: 851-945.
- LEVINSON, Stephen (1983): *Pragmatics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- (1994): «[Deixis](#)», en R. E. Asher (ed.), *The encyclopedia of language and linguistics*. Oxford: Pergamon: 853-857.
- (2003): «[Deixis](#)», en Laurence R. Horn e Gregory Ward (eds.). *The handbook of pragmatics*. Oxford: Blackwell: 97-121.
- (ms.). «[Deixis and Pragmatics](#)».
- LYONS, John (1977): «Deixis, space and time», *Semantics*, Vol. 2. Cambridge: Cambridge University Press.
- PORTOLÉS, José (2005): *Pragmática para hispanistas*. Madrid: Editorial Síntesis, S.A.
- PRINCE, Ellen F. (1981): «Toward a taxonomy of given-new information», en Peter Cole e Jerry L. Morgan (eds.): *Radical pragmatics*. Nova York: Academic Press: 223-255.
- RENKEMA, Jan (2004): «Contextual phenomena», *Introduction to Discourse Studies*. Amsterdam: John Benjamins.
- SEARLE, John (1969): *Speech acts*. Cambridge: Cambridge University Press.
- (1975): «[Indirect speech acts](#)». En Peter Cole e Jerry L. Morgan (eds.): 59-82.
- (1979): «[A taxonomy of illocutionary acts](#)». En *Expression and meaning: Studies in the Theory of Speech Acts*. Cambridge: Cambridge University Press: 1-29.
- (1975): «[A Taxonomy of Illocutionary Acts](#)», en Keith Gunderson (ed.), *Language, mind, and knowledge*, vol. 7. Minneapolis: University of Minneapolis Press: 344-69.
- STIRLING, Lesley e Rodney Huddleston (2002): «Deixis and anaphora», en Rodney Huddleston, Geoffrey Pullum *et al.* *The Cambridge Grammar of the English Language*. Cambridge: Cambridge University Press: 1451-1461.
- TRAUGOTT, Elizabeth C. e Richard B. Dasher (2004): *Regularity in semantic change*. Cambridge: Cambridge University Press.

**ANEXO**

---

A continuación amósanse dúas actividades prácticas para realizar na aula:

**1. Person and social deixis**

The table below contains the paradigm of Catalan stressed personal pronouns. From the contents of this table:

- a) Do you think Catalan pronouns encode deixis? If so, what types of deixis can you observe and which of these pronouns do you think could have deictic functions?
- b) Are there any differences between the categories of deixis encoded in Catalan and English personal pronouns?
- c) Are there any differences between the categories of deixis encoded in Catalan and in Galician personal pronouns?

Catalan subject pronouns		
	singular	plural
<b>1</b>	<i>jo</i>	<i>nosaltres</i>
	informal	<i>tu</i> <i>vosaltres</i>
<b>2</b>	formal	<i>vostè</i> <i>vostès</i>
	respectful	<i>vós</i>
<b>3</b>	masculine	<i>ell</i> <i>ells</i>
	feminine	<i>ella</i> <i>elles</i>

**2. Speech acts**

With appropriate intonation, all clause types can be used to make exclamations. Give an example of an utterance with the force of an exclamation for each of the following clause types. Then, determine their direct and indirect illocutionary forces:

- Declarative clause
- Interrogative clause
- Exclamative clause
- Imperative clause
- Verbless clause





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

